

ACTA

En Arzúa, a 5 de maio de 2015.

Sendo as 10.00 horas, reúnen no Salón de Sesi3ns da Casa do Concello os membros integrantes do Tribunal Cualificador que cualificar3 o **segundo exercicio sobre coñecemento dos contidos do temario que figura como Anexo I, das Bases que rixen o proceso de selecci3n** –polo sistema de oposici3n- convocado para poder seleccionar 3 a persoa que ser3 contratada como **auxiliar da policia local**, durante un per3odo de catro meses, de conformidade coas bases aprobadas por decreto do alcalde, de data 7 de abril de 2015.

Estando presentes os seguintes catro integrantes de dita Tribunal Cualificador:

*Presidente: Don Alvaro Jos3 Noya Grela (*policia local do Concello de Ordes*).

*Secretario: don Juan Colmenares L3pez-Soldado. (*secretario do Concello de Arzúa*).

*Vogais:

-Don Alejandro Garc3a Rosendo (*policia Local do Concello de A Estrada*).

-Don Jorge Trillo Trillo (*policia local do Concello de Ordes*).

E visto que existe o qu3rum suficiente para a v3lida constituci3n do Tribunal Cualificador , --de conformidade co dispostos no artigo 26 n3 1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de R3xime Xur3dico das Administraci3ns P3blicas e do Procedemento Administrativo Com3n- o Sr. presidente procedeu a declarar constitu3o dito Tribunal, co obxecto de valorar o segundo exercicio dos catro de que consta a oposici3n convocada, cuxo exercicio consistir3 en responder a un cuestionario de cincuenta preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposici3n; as3 como outras cinco preguntas de reserva, para o suposto de que fora necesario substituir algunha das anteriores, por non adoptarse ao temario incluído no referido Anexo.

Para o cal polo presidente e por os dous vogais, elabor3ronse no d3a de onte as cincuenta cuesti3ns, m3is as cinco cuesti3ns de reserva, en que consistir3 dito exercicio, de maneira que cada cuesti3n formulada tivera catro respostas alternativas, sendo s3 unha de tales respostas a considerada como correcta.

E as3, unha vez efectuada as fotocopias suficientes dos catro folios que conteñen todas as cuesti3ns elaboradas, procedeuse a facer entrega dos catro folios fotocopiados a cada un dos seis aspirantes que compareceron a realizar este exercicio, fac3ndolles saber o secretario do Tribunal Cualificador:

- Que deber3n facer constar o seu nome e apelidos en cada un dos folios entregados, as3 como o n3mero do seu Documento Nacional de Identidade, que ademais

deberá quedar visible sobre a mesa do Salón de Sesións, xunto ao asiento asignado a cada aspirante.

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta.

- Que será necesario obter unha puntuación de 5 puntos sobre 10, para superar o exercicio.

- Que a cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/5$

(Sendo **N**= nota final da proba; **A**= preguntas acertadas; **F**= preguntas erradas ou non contestadas).

Realizando a aclaración de que **F/3** quere dicir que, de por cada tres respostas erradas ou non contestadas, descontarase un punto.

-Que as puntuacións obtidas por cada aspirante serán publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello, na mañá do día de hoxe, con indicación ao mesmo tempo de cal será o día, lugar e hora en que se realizará o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecementos do termo municipal e da toponimia local.

- Que o tempo máximo para responder ás cincuenta cuestións mais as cinco de reserva, será de 60 minutos, desde as 10.11 horas ata as 11.11 horas.

Sendo o cuestionario das cincuenta preguntas o que figura unido á presente acta, coa indicación de cal é en cada caso a resposta correcta, subraiada en rotulador amarelo e redondeado en tinta vermella o apartado correspondente.

E igualmente achegase xunto con esta acta o cuestionario que contén as cinco preguntas de reserva, con indicación tamén de cal é a resposta correcta, subraiada en rotulador verde e redondeado en tinta vermella o apartado correspondente.

Dándose a circunstancia de que, os seis aspirantes entregaron os seus exercicios antes de transcorrer o período de tempo indicado para contestar as cuestións; polo que a partir das 11.10 horas, ata as 12.00 horas, o Tribunal Cualificador estivo correxindo os cuestionarios realizados, constando en cada exercicio o nome e apelidos de cada aspirante e a súa sinatura.

Como resultado da corrección dos cuestionarios, o Tribunal Cualificador -por unanimidade dos seus catro membros integrantes- outorgou as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Respostas preguntas		Puntuacións
	Ben	Mal	
Joaquin Penas García	43	7	$43-2,33=40,67:5=$ 8,13
Gonzalo Pose Otero	35	15	$35-5= 30:5=$ 6
Juan Jesús Grovas Mayo	34	16	$34-5,33= 28,67:5=$ 5,73
Carlos Fernández López	33	17	$33-5,66=27,34:5=$ 5,46
Xoan Curros Vázquez	28	22	$28-7,33= 20,67:5=$ 4,13
Cesar López Santiago	28	22	$28-7,33=20,67:5=$ 4,13

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas a cada aspirante, comprobando de novo os cuestionarios contestados, adoptáronse –tamén por unanimidade dos catro membros do Tribunal Cualificador- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos seis aspirantes presentados.

Segundo.- Declarar a eliminación dos aspirantes: Xoan Curros Vázquez e César López Santiago, por obter unha puntuación inferior aos cinco puntos que se esixen na Base Sexta (das que rixen a oposición) para non quedar eliminado.

Terceiro.- Declarar que os aspirantes Joaquín Penas García, Gonzalo Pose Otero, Juan Jesús Grovas Mayo e Carlos Fernández López sí superaron o exercicio realizado no día de hoxe, sobre coñecementos dos contidos do temario que se inclúe no Anexo I das Bases que rixen o proceso de selección; por canto que obtiveron unha cualificación superior aos cinco puntos.

Cuarto.- Concretar que o **terceiro exercicio**, sobre coñecementos do termo municipal e da toponimia local, realizarase o vindeiro xoves, **día 7 de maio**, ás **11.00 horas**, no Salón de Sesións da Casa do Concello.

Co cal douse por rematado o acto, ás 12.05 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros do Tribunal Cualificador e para constancia no expediente: De todo o cal dou fe.